



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Literatura Española Medieval	Código	613G01022	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Rico Alonso, Sonia	Correo electrónico	sonia.rico.alonso@udc.es	
Profesorado	Novoa Blanco, Francisco Javier Rico Alonso, Sonia	Correo electrónico	francisco.novoa@udc.es sonia.rico.alonso@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da literatura medieval española nos seus principais autores e obras.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ser quen de comprender e explicar alguns dos textos significativos do período	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10	C3
Coñecer alguns dos principais autores e obras da literatura medieval española, percibindo as súas características e os elementos que permiten integralos nun mesmo período.	A1 A3 A5 A10 A18	B1 B2 B4 B5	C6 C7
Producir textos escritos de distinta extensión e alcance, debidamente redactados e organizados, nos que o estudante demostre a súa capacidade de reflexión crítica e sexa quen de aplicar os coñecementos sobre literatura e cultura á análise de textos, recurrido de xeito selectivo, cando é posible (e convén), ao emprego doutra bibliografía e a recursos accesibles a través de internet.	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A17 A18	B1 B3 B5 B6 B7 B10	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción.	1. Cuestións previas 2. Idade Media: revisión dos conceptos vistos no curso anterior 3. Periodización e sistematización (xéneros) no estudo da literatura medieval



2. A épica e o romanceiro	<p>2.1. Introducción</p> <p>2.2. A épica española e as súas características</p> <p>2.3. Ciclos épicos</p> <p>2.4. Estudo do "Cantar de Mio Cid";</p> <p>2.3. Dos cantares de xesta aos romances: o problema da súa orixe</p> <p>2.4. A difusión dos romances</p> <p>2.5. Clasificación</p> <p>2.6. Temas, estilo e métrica</p>
3. O mester de clerecía	<p>3.1. Introducción</p> <p>3.2. O mester de clerecía: características e problemas, textos e autores.</p> <p>3.3. Gonzalo de Berceo: vida e obra</p> <p>3.4. Estudo dos "Milagros de Nuestra Señora";</p>
4. Juan Ruiz y el "Libro de Buen Amor";	<p>4.1. Introducción</p> <p>4.2. Problemática da obra</p> <p>4.3. Juan Ruiz</p> <p>4.4. Estudo do "Libro de Buen Amor";</p>
5. A prosa medieval (I): das orixes ao século XIV	<p>5.1. Introducción</p> <p>5.2. Dos inicios ata don Juan Manuel, con especial atención á achega de Alfonso X</p> <p>5.3. Don Juan Manuel: figura e personalidade literaria</p> <p>5.4. Estudo do "Libro del Conde Lucanor";</p>
6. Lírca e cancioneros	<p>6.1. Introducción</p> <p>6.2. Lírca culta e lírica tradicional</p> <p>6.3. A lírica tradicional castelá no marco románico</p> <p>6.4. Unha aproximación ás "jarchas";</p> <p>6.5. Estudo dos "villancicos"; tradicionais</p> <p>6.6. A poesía trovadoresca ou cancioneril: tipos, evolución...</p> <p>6.7. Íñigo López de Mendoza, marqués de Santillana: vida e obra. Estudo dunha selección dos seus poemas</p> <p>8.4. Jorge Manrique: vida e obra. Estudo da súa produción (excepto as Coplas, vistas en 2º curso)</p>
8. A prosa medieval (II) e o teatro	<p>7.1. Introducción á prosa no s. XV</p> <p>7.2. Principais tipos prosísticos</p> <p>7.3. Aproximación á prosa de ficción sentimental: Diego de San Pedro e "Cárcere de amor";</p> <p>7.4. Introducción ao teatro</p> <p>7.5. Aproximación ao "Auto dos Reis Meigos"; (revisión do visto sobre o problema da representación de "A Celestina"; en 2º curso)</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A5	1	0	1
Sesión maxistral	A5 A11 A16 A17 A18 B1 B4 B5 B7	21	9	30
Proba mixta	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C7	3	20	23



Obradoiro	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 B4 B5 B6 B7 C3 C6	19	10	29
Proba de ensaio	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B4 B5 B6 B7 B10 C7	2	18	20
Lecturas	A1 A5 A10 A15 A16 A17 A18 B1 B2 B3 B5 B6 C7	1	45	46
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Análise dos coñecementos previos relacionados coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.
Sesión maxistral	Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente nos docentes, que tentarán ofrecer panoramas xerais sobre as etapas da Idade Media e sobre os distintos ámbitos literarios, escolas ou movementos.
Proba mixta	Proba na que se busca que o alumno responda por escrito, de xeito completo e coherente, a distintas preguntas. Valorarase a súa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.) e espírito crítico. Combinará a teoría e a praxe, de maneira que o estudante aplique as nocións teóricas adquiridas á análise de cuestións referidas aos textos sobre os que se apoia o programa (e deberá demostrar telos lido e comprendido). Tamén deberá demostrar que dispón de coñecementos básicos en relación coa literatura española medieval (situar cronoloxicamente unha obra ou autor, diferenciar xéneros...).
Obradoiro	Coa finalidade de afondar no estudio das obras, que han ser previamente lidas polos estudantes, combinaranse diversas metodoloxías e probas (prácticas guiadas, solución de problemas, exercicios de pregunta-respostas, pequenos debates, exercicios de comentario...). Non obstante, para evitar que lean e estuden as obras de lectura obrigatoria de forma illada, no caso de ser necesario (por descoñecemento de nocións básicas), o profesorado ofrecerá unha visión xeral sobre a tradición na que aquelas se inscriben, un achegamento ao autor (se houber) e ás formas literarias; nestes supostos, a exposición apoiarase nos textos, que os alumnos deben xa coñecer, pois nas sesións interactivas resulta imprescindible a súa intervención e colaboración.
Proba de ensaio	Realizaranse dúas probas de ensaio ao longo do curso. O alumno deberá preparar previamente as lecturas das obras que se lle indiquen e os contidos relacionados con elas. Terá que desenvolver algún aspecto o tema aplicando os seus coñecementos e ofrecendo unha análise reflexiva e crítica, na que terá que demostrar, ademais, que levou a cabo unha lectura atenta, comprensiva e completa das obras (non se trata, xa que logo, de reproducir os contidos teóricos: debe aplicarlos ao aspecto que teña que desenvolver, sen esquecerse de incorporar referencias precisas ás lecturas que evidencien o seu traballo autónomo cos textos).
Lecturas	As lecturas das obras literarias son o eixo sobre o que pivota esta materia (o que explica o elevado número de horas adicado a esta actividade), mais, ademais, os docentes poderán solicitar a lectura de textos críticos e bibliografía complementaria.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Obradoiro Lecturas Proba de ensaio	O alumnado poderá sempre, se for preciso, requirir a atención personalizada dos docentes, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta ou das dúas probas de ensaio como nas sesións adicadas a obradoiro ou mesmo no tempo adicado ás lecturas, mais nunca a titoría suplirá ás explicacións que o estudante non teña seguido por se ausentar inxustificadamente da aula ni equivaldrá a unha sesión adicional de repaso, a modo de clase particular.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C7	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase nas datas oficiais unha proba mixta de carácter teórico-práctico na que se plantexarán distintas preguntas. En varias delas o alumno centrarase na análise de diversos aspectos relacionados coas obras de lectura: ha aplicar os coñecementos teóricos adquiridos ao tempo que demostra que leu os textos e que é quen de ofrecer a súa propia reflexión e interpretación, que ten que estar, ademáis, debidamente razoada e, de non ser orixinal, debidamente fundamentada (sempre atendendo ao tema que se lle propón). Alén diso, importa que saiba situar os principais autores e textos (precisando xénero) do período de maneira correcta.	50
Obradoiro	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 B4 B5 B6 B7 C3 C6	Baixo a guía do docente, búscase que os estudantes apliquen os coñecementos vistos nas sesións maxistras e reflexionen sobre aspectos concretos (por escrito ou oralmente) a propósito das lecturas; algunha vez deberán elaborar individualmente textos (sínteses, esquemas, pequenos comentarios...). Algunha(s) desas actividades será(n) tida(s) en conta na avaliación.	10
Proba de ensaio	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B4 B5 B6 B7 B10 C7	Nas datas que se establezan (en razón do avance dos contidos), os estudantes deben realizar, baixo supervisión dos docentes, dúas probas de ensaio. Nelas desenvolverán un tema ou aspecto referido a algunha das obras de lectura obrigatoria; han ser quen de aplicar os coñecementos teóricos á análise dos textos e tamén de demostrar que teñen feita unha lectura detida e crítica. Valorarase a achega personal o enfoque e a profundidade da análise, así como a claridade expositiva e a organización das ideas.	40

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación. Farase media entre as distintas partes cando o estudante acade un 4 na proba mixta e nas probas de ensaio.

Só serán aceptadas as actividades e probas de ensaio realizadas e entregadas nas datas previstas, seguindo as normas que se precisarán en cada caso. Dase por suposta a asistencia ás aulas, que é obrigatoria. Aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida será avaliado mediante a proba mixta (50%) e as probas de ensaio (50%); debe poñerse en contacto cos docentes ao inicio do curso para establecer o mecanismo de seguimento da súa actividade. Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro). Así a valoración estará composta polo 50% das "probas de ensaio" e o 50% da "Proba mixta". Asemade, a realización das probas de ensaio terá lugar o mesmo día da proba mixta, unha vez entregada esta (de ser preciso, farase un receso de media hora). Considerarase como "non presentado" o alumno que non participe nas probas de ensaio durante o curso ou que non realice a proba mixta. Se considerará como "no presentado" al alumno que no participe en las pruebas de ensayo durante el curso o que no realice la prueba mixta o día fixado oficialmente (só en casos debidamente xustificados poderá realizar estes exercicios en datas distintas ás establecidas). A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo debe ser a que corresponde ao nivel da titulación (tomarase en conta, polo tanto, a corrección ortográfica e gramatical, mais tamén a capacidade de estruturar as ideas e elaborar a exposición). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fóra da aula non garde relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza en clase baixo o control dos profesores, para avaliar a expresión servirán como referencia os escritos que aquel elaborou sen axuda externa.

Calquera falta de honradez académica (plaxio, é dicir, utilización de textos ou ideas doutros autores sin indicar a procedencia, copiar traballos, copiar nos exames, ou outras formas) se penalizará acordo con o indicado na normativa académica. Cumpre sinalar que a Xunta de Facultade aprobou o uso da aplicación "Turnitin" por parte do profesorado, ferramenta que permite detectar o plaxio. Pode reconocer traballos presentados nesta ou noutras universidades, así como porcións de textos procedentes doutros textos e sinalar a súa procedencia.

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade. De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Fontes de información

Bibliografía básica

- BELTRAN, Vicenç (2013). Jorge Manrique, Poesía. Madrid, RAE
 - Di STEFANO, Giuseppe (ed.) (2010). Romancero. Madrid, Castalia
 - MONTANER FRUTOS, Alberto (ed.) (2011). Cantar de Mio Cid. Madrid, Real Academia Española
 - PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (1999). Marqués de Santillana, Poesía lírica. Madrid, Castalia
 - BLECUA, Alberto (1992). Juan Ruiz, "Libro de buen amor". Madrid, Cátedra
 - SERÉS, Guillermo (1994). Juan Manuel, El Conde Lucanor. Barcelona, Crítica
 - BAÑOS, Fernando (ed.) (2011). Gonzalo de Berceo, Milagros de Nuestra Señora. Madrid, Real Academia española
 - PARRILLA GARCÍA, Carmen (ed.) (1995). Diego de San Pedro, "Cárcel de amor". Barceloan, Crítica
 - PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (ed.) (2009). Teatro medieval. Madrid, Cátedra
- Son estas as obras extensas de lectura obrigatoria, que nalgúns casos non será completa; a eses títulos haberá que engadir a selección de textos que, para algúns dos temas, facilite o profesorado a través do Campus Virtual.



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - ALVAR, Carlos y Ángel GOMEZ MORENO (1987). La poesía lírica medieval. Madrid: Taurus - CANAVAGGIO, Jean (1994). Historia de la literatura española. Madrid: Gredos - DEYERMOND, Alan (1995). Historia de la literatura española I. La Edad Media. Barcelona: Ariel - DÍEZ BORQUE, José María (dir.) (1980). Historia de la literatura española. Madrid: Taurus - GÓMEZ REDONDO, Fernando (1998-2002). Historia de la prosa medieval castellana. Madrid: Cátedra - GÓMEZ REDONDO, Fernando (2012). Historia de la prosa de los Reyes Católicos: el umbral del Renacimiento. Madrid: Cátedra - LACARRA, M^a Jesús y Juan Manuel CACHO BLECUA (2012). Historia de la literatura española. I. Entre oralidad y escritura: la Edad Media. Crítica: Barcelona - LÓPEZ ESTRADA, Francisco (1987). Introducción a la literatura medieval española. Madrid: Gredos - MENÉNDEZ PELÁEZ, Jesús (1993). Historia de la literatura española. Edad Media. León: Everest - MEREGALLI, Franco (coord.) (1990). Historia de la literatura española. 1. Desde los orígenes al siglo XVII. Madrid: Cátedra - PEDRAZA JIMÉNEZ, Felipe B. y Milagros RODRÍGUEZ CÁCERES (1981). Manual de literatura española. Edad Media. Pamplona: Cénlit - RICO, Francisco (coord) (1991). Historia y crítica de la literatura española. Edad Media. Primer suplemento. Barcelona: Crítica - RODRÍGUEZ CACHO, Lina (2009). Manual de Historia de la literatura española. 1. Siglos XIII al XVII. Madrid: Castalia <p>Figura aquí só a referencia de distintas historias da literatura; con cada tema ofreceráse información complementaria e, nalgúns casos, o profesorado elaborará, ademais, materiais de apoio para seguir as sesións maxistras e interactivas. Estes complementos facilitaranse a través do Campus Virtual.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución aos Estudos Literarios/613G01005
Literatura Española/613G01011

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Dispor dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario de 3º de Grado é requisito; recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficos, sintácticos ou de outro tipo) que os subsanen, prestando especial atención aos erros cometidos ao longo do curso para no repetilos na proba mista.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías